

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO (CON ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN) DO SUBMINISTRO - ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO COMPACTADOR DE RSU DE 10.5 M/3

CONCELLO DE
PONTESCO

Rúa Concello, 18 - 15100 PONTESCO (A Coruña)

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

1) Obxecto e delimitación do contrato

1.1) Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a adquisición dun vehículo compactador de Residuos Sólidos Urbanos de 10 M3, definida no epígrafe 1 do cadro de características do contrato e no prego de prescripcions técnicas, que acompaña a este prego de cláusulas administrativas.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescripcions técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato.

Para os efectos do presente prego e da TRLCSP, esta contratación non está suxeita a regulación harmonizada

2) Orzamento do contrato e tipo de licitación.

Sínálase como tipo de licitación o importe fixado no Prego de prescripcions técnicas de 123.203€ + 21% de IVE: 149.075,63€

O pago de vehículo farase unha parte en metálico e outra en especie.

En especie coa entrega da camión vello valorado segundo informe do Técnico municipal en 10.000€


En metálico coa diferenza ata o prezo de adquisición

3) Financiamento.

Entregado ao licitador que presente a oferta mais ventaxoso ben obxecto desta contratación, asinada a acta de entrega, procederáse conforme os prazos regulados no TRLCSP a pagar nun acto único o importe de adxudicación do ben por parte do empresario que fora seleccionado consistindo o pago na entrega do camión vello valorado en 10.000€ e da diferenza en metálico ata o prezo de adxudicación.

4) Revisión de prezos.

De conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Delixéronse 2 por facer constar que este prego
foi aprobado por Resolución 255/2016 de 5-7-2016.
A Secretaría 

5) Prazo de execución.

A entrega do ben por parte da Administración municipal producirase no prazo máximo de 5 meses dende a sinatura do contrato

6) Capacidade para contratar.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalguna das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica

7) Unións temporais de empresas.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos, cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 67.5 do TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizarse, en escritura pública, así como presentar o NIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporais quedarán obrigados solidariamente ante perante a administración

II.- ADXUDICACIÓN.

8) Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto cun múltiples criterios de adxudicación e como consecuencia delo, adxudicarase á empresa que presente a oferta económica máis vantaxosa



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

9) Anuncio e perfil de contratante.

9.1.) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP) e nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

9.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa da actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica na epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

10) Proposicións: lugar e prazo de presentación.

10.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nas epígrafes 8 e 9 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos quince naturais contados do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante (art. 159.2 TRLCSP), en dous sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

10.A.2.) No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións ás que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

10.A.3.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 8 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

10.A.4.) De conformidade co artigo 112 do TRLCSP, no suposto de que o expediente se declare de tramitación urxente os prazos de presentación de proposicións reduciranse á metade, non sendo o caso, por tratarse dunha tramitación ordinaria

10.A.5.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

11) Proposicións: documentación.

11.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación".

Documentación completa

11.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación".

Os licitadores naqueles contratos cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade indicada na epígrafe 11.A do cadro de características (anexo I do presente prego) (artigo 146.4 TRLCSP), terán que presentar a seguinte documentación no Sobre A (non é o caso)

11.1.1.- Documentación completa (que pode presentarse sóamente polo adxudicatario)

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF) debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa Xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes aos que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

*D/D^a..... con DNI..... e domicilio en provincia de
..... rúa n^o.....*

*en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa
no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

- Título:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do proponente)

F) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

A solvencia económica do emesario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaración apropiadas de entidades financeiras
- b) Declaración sobre o volumen global de negocios, e no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contato, referido como máximo aos tres derradeiros exercicios disponibles en función da data de creación ou inicio de das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios. Considerarase solvente o licitador que acredite un volume de negocios igual ou superior ao orzamento de licitación IVE excluído

Solvencia técnica:

Relación dos principais subministros efectuados durante os tres derradeiros anos, indicando o eu importe, datas e destinatarios público ou privado dos mesmos.

Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por éste, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Considerarase solvente o licitador que acredite ter realizado al menos un ou varios contratos análogos cuxa suma total alcance un importe igual ou superior ao orzamento de licitación IVE excluído.

G) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

G) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos aos que se refire o 145 do TRLCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por toas as empresas vinculadas que concorran á licitación



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

I) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), e E) sempre que os citados documentos estean vixentes.

I) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

*D/D^a..... con residencia provincia de rúa n^o.....
segundo DNI n^o..... en nome propio ou da empresa á que representa no
procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra*

- Título:.....

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do proponente)

J) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ao seguinte modelo:

*D. D^a _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ n^o _____ con
NIF n^o _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____*

con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ n° _____
teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)

Autorízase para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

- a. Fax: _____
- b. Correo electrónico: _____
(Lugar, data e firma do proponente)

K) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos dispostos na cláusula 15.5 (criterios de desempate) presentárase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D./D^a _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ n° _____ con
NIF n° _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____
con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ n° _____
teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)

Certifica:

1º Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)

2º Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____%

(Lugar, data e firma do proponente)

L) Compromiso de contratar traballadores/as desempregados/as

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establécese como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

Para os devanditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:

D./D^a _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ n° _____ con
NIF n° _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____
con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ n° _____
teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

*Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a _____ traballadores de conformidade coa epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)
(Lugar, data e firma do propoñente)*

M) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.2. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".

Ao tratarse dun procedemento aberto cun múltiples criterios de valoración , no anverso do sobre B figurará a mención “ referencias técnicas non valorables automaticamente para a contratación mediante procedemento aberto do vsubministro-compra- de vehículo compactador de Residuo Sólido urbano-

Neste sobre conteranse as referencias técnicas non valorables automaticamente que se indican no Anexo nº II do presente prego.

12.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica e criterios non cuantificables automaticamente".

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo III deste prego

13) Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario/a ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

14) Garantía provisional.

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) Apertura de plicas e adxudicación.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no art. 160 do TRLCSP e Regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará por calquera dos medios indicados polo contratista, indicándolle os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura e valoración das ofertas.

1º.- Fase: Valoración dos criterios de adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios non cuantificables automáticamente

Ós efectos previstos na primeira fase, polo Comité de expertos (cxa cimpoción designarase polo órgano de contratación a proposta da Mesa de Contratación) emitirase informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios non cuantificables automáticamente á vista a documentación incluída polos licitadores no sobre B “referencias técnicas non valorables automáticamente”

2º Fase: Valoración dos criterio cuantificables automáticamente

Procedemento:

Ós efectos previstos na segunda fase, a Mesa de contratación procederá en acto público a apertura dos sobres C “ oferta económica” celebrarse no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios de da corporación ou no perfil do contratante

O Presidente da Mesa manifestará o resultado da calificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas ultimas

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos

Antes da apertura da primeira proposición convidarase ós licitadores interesados a que manifesten as dudas que se lles ofrezcan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola Mesa de contratación ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento pouda aquela facerse cargo de documentos que non tiveran sido entregados durante o prazo de admisión de ofertas ou de corrección ou subsanación de defectos ou omisións

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese da presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

15.3. A proposición recaerá no licitador que presente a mellor oferta

15.4 Criterios de desempate

No caso de que, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida nas cláusulas 12.1.C e 12.1..D

15.5 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc). faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 15 días, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art .161 do TRLCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliárase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites ao que se refire o art. 152.3

16) Adxudicación

16.1. Unha vez que a Mesa de Contratación formule a proposta de adxudicación requirirase ao licitador que que presentou a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- 2) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.
- 3) Garantías:
 - Garantía definitiva: do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE

16.2 De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, nese caso solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP

16.3 O órgano de Contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 A adjudicación notificaráselle aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) Formalización do contrato.

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 40.1 e 156 do TRLCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcurrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adjudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adjudicación aos licitadores e na data que sinale a administración.

Cando por causas imputables ao adjudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se a causa da non formalización fose imputable á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) Gastos de anuncios e tributos e varios.

O adjudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se detallan na epígrafe 19 do cadro de características do contrato.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato

19.- Pagos.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

O pago realizarase de forma simultánea á entrega da do camión a través da entrega simultánea do camión vello (valorado en 10.000€) e a diferenza ata o prezo de adxudicación será aboada en metálico

Os gastos de entrega e transporte do ben obxecto so subministro no lugar que se conveña serán por conta do contratista

A mora do adxudicatario na entrega non requerirá a previa intimación pola Administración.

Calquera que sexa o tipo de subministro, o adxudicatario non terá dereito a indemnización pola causa de perdas, averías ou prexuízos ocasionados aos bens antes da súa entrega á Administración

O adxudicatario responderá da calidade dos bens subministrados e das faltas que houbera

Cando o ben non se atope en estado de ser recibido, farase constar así en documento ao efecto, para que o adxudicatario remedie os defectos observados ou proceda a un novo subministro, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato

Si a administración estimase durante a vixencia do contrato que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista, e exista a presuncion de que a reposición ou a reparación de ditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá rexeitar os bens deixándolos de conta do contratista

O adxudicatario deberá entregar a documentación, instrucións e información suficiente así como impartir no seu caso unha mínima ensinanza sobre o maexo do vehículo, sen que iso supoña coste adicional.

Así mesmo está obrigado a entregar o manual de funcionamento do ben subministrado

20) Dereitos do adxudicatario

Dereito ao abono do subministro

O abono deberá efectuarse do seguinte xeito:

- a) Prazo para a conformidade da factura: deberá presentarse no Rexistro Xeral de entrada a factura correspondente. Unha vez cumprido este requisito, iniciárase o cómputo dos trinta días naturais para que a administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obriga. Non obstante si a documentación presentada adolecese dalgun defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, nn iniciándose o prazo sinalado ata que os documentos se teñen presentado de novo no Rexistro Xeral debidamente subsanados
- b) Plazo para o pago: unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obriga de pago, a Administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.
- c) Si a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo ao que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento de dito prazo, a cobrar os intereses de demora e a indemnización polos costes de cobro nos termos previstos na Lei de 29 de decembro de 2004 pola que se

establecen as medidas de Lucha Contra a Morosidade nas Operacións Comerciais e artigo 216.4 do TRLCSP

- d) De existir algunha certificación con erro ou omisión, o prazo para esixir o interés non se iniciará ata que se subsanen s defectos da mesma. O mesmo para a factura

21 Prazo de execución

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo fixado para a realización do mesmo.

Cando o contratista por causas imputables ao mesmo, tivera incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0.20€ por cada 1000€ do prezo do contrato

22) Plazo de garantía

O prazo de garantía é mínimo dun ano

Rematado o prazo de garantía sen que a administración tivera formulado algún dos reapros ou denuncia a que se refire o 298 do TRLCSP, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón do ben subministrado

2 3) Prórrogas.

Este contrato non está suxeito a prórroga

24) Causas de resolución.

Serán as previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, cos efectos previstos no artigo 225 e 239.

Serán, así mesmo, causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas deste contrato.

22) Réxime xurídico.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso



**CONCELLO DE
PONTECESO**

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

DENOMINACIÓN	SUBMINISTRO POR ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO COMPACTADOR DE RSU DE 10.5M/3
CODIFICACIÓN	
ORZAMENTO	149.075,63€
REGULACION HARMONIZADA	<input type="checkbox"/> a) contrato non suxeito a regulación harmonizada
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	
PRAZO DE EXECUCIÓN	Entrega en 5 meses dende a formalización do contrato
CLASIFICACIÓN ESIXIDA	<input type="checkbox"/> Non se esixe
LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	1.- Rexistro Xeral da Administración convocante con domicilio en Rúa Concello nº 18- Ponteceso C.P. 1150 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante : Rúa Concello nº 18 C.P. 15110 Ponteceso Nº de FAX da entidade contratante 981715028
PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	A) Tramitación ordinaria: 15 días dende a publicación no BOP e no perfil do contratante En horario de Rexistro da administración convocante e no caso de presentalo por correos dentro do horario da oficina correspondente.
DOCUMENTACIÓN QUE SE HA PRESENTAR	A) Simplificada
PORCENTAXE SUBCONTRATACION	NON
PERFIL DE CONTRATANTE	Dirección páxina web: www.ponteceso.net
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	Non procede
18. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

19. OUTROS DATOS: INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: www.ponteceso.net
TELÉFONO:981714000.

20. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PRREGO: oficinas xerais do Concello de Ponteceso



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

II SOBRE B: REFERENCIAS TÉCNICAS

Cráterios non cuantificables automáticamente

Conforme o establecido nos pregos, os cráterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de cráterios son:

FASE I:

.- **Características técnicas:**38 puntos

Neste apartado valoraranse as características técnicas, estéticas e funcionais do vehículo

.- **Menor potencia acústica mediante certificado por empresa externa:**9 puntos

.- **Servizo técnico:**9 puntos

ANEXO III sobre C: MODELO DE PROPOSICIÓN

Cráterios cuantificables automáticamente

1º.- Oferta económica:

D. /Dª _____
con domicilio en _____,
rúa _____
nº _____
teléfono _____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____).
DNI ou NIF Nº _____
e con domicilio en _____,
rúa _____
nº _____
teléfono _____

Toma parte no procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) para a venda por parte da administración municipal da máquina desbrozadora e a cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezo sen IVE..... Euros).
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) %..... importe..... euros
- C) TOTAL (A+ B).....EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato,

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):

- Non concorre con empresas vinculadas.
- Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación _____
NIF _____

_____ de _____ de 201_

O LICITADOR (asinado e rubricado)

A oferta económica según a seguinte formula.....40 puntos

P:40 x (Omb/Olic)

Onde:

P: Puntuación resultante

Omb: oferta mais baixa presentada

Olic: oferta do licitador a puntuar

Garantía adicional por cada fracción de 6 meses ata un máximo de 10 anos:4 puntos

